

32

SUPLEMENTO  
DOMINICAL

15 DE JULIO DE 2018

# Abril segundo Eliot



VICENTE ARAGUAS



**A CRUELDADE DE ABRIL**  
DIEGO AMEIXEIRAS  
Edicións Xerais, Vigo, 2018  
17 euros



famoso verso de TS. Eliot, que nos asegura que abril é o mes máis cruel debe de ser o máis citado entre vates. Seguidiño moi de

perto por aquilo de Cesare Pavese que di que virá a morte e terá os teus ollos.

A morte voluntaria, para Pavese, o vicio absurdo no que acabaría incoerendo no Hotel Roma, de Turín, tan vivo aínda como o poeta (e narrador). Que os paradoxos do oficio de vivir son iso, paradoxos ou oxímoros. Pois ben, en Eliot, nesta cita, basease Diego Ameixeiras na súa última novela *A crueldade de abril* (Edicións Xerais, Vigo, 2018).

E eu, que entre os meus vicios (confesados) teño o de ler canto publica Ameixeiras, ás veces para ben, outras, para mellor, algunha (poucas) para peor, lá que me mergullo nas súas páxinas. Seguro de que vou atopar moitas cousas mais nunca a da previsibilidade, o que é moi de agradecer nunha literatura tan "déjà vu" como vén sendo a nosa. Sobre todo na novela chamada "negra", sexan cales foran os seus lindeiros, tan luidos por Ameixeiras.

O que pasa é que esta caste de novela, alcohol, sexo, asfalto como materias primas, é o que é, e serve como alibi para moitos obxectivos. Tamén á maneira de protesta ou denuncia de atmósferas opresivas e aldraxantes para quen a sufren. Así

"O que pasa é que esta caste de novela, alcohol, sexo, asfalto como materias primas, é o que é, e serve como alibi para moitos obxectivos. Tamén á maneira de protesta ou denuncia de atmósferas opresivas e aldraxantes para quen a sufren. Así o grupo de marxinais que se amorean ao redor deses dous cadáveres que xorden após dun incendio nunha casa abandonada"

o grupo de marxinais que se amorean ao redor deses dous cadáveres que xorden após dun incendio nun-

ha casa abandonada. Un grupo tan selvaxe como en Sam Peckinpah, que ten como epicentro a Elvira, poeta nova, desas que enchen as salas onde se proxectan os seus poemas, ben que ás veces ser a xeito de homenaxe póstuma.

Eis o cerne máis lírico, digamos, dunha novela que se bate, xustamente, entre da lírica e máis da épica. Lírica polo arrebatado, "ma non troppo", que verque Ameixeiras na súa novela. Épica polo sentimento colectivo, coral para o caso, que aquí se deixa ver. Cunha tropiña manexada con sutileza por este autor que noin deixa espazo de máis para as explicacións. Moito menos para as non solicitadas. E é que xa está ben de autores ominpresentes que tal semellan tomar aos sufridos lectores por picariños, cando non directamente por parvos.

Trátase (como fai Diego Ameixeiras) de que cadaquén tire as súas propias conclusións, sobre todo cando se fala dun conxunto de persoas vencelladas as unhas coas outras, a partir deses tres elementos que son, amor, vinganza e odio. Esas tres paixóns ben misturadas á procura dunha catarse que vén anunciada desde o primeiro momento mais que irá demorándose, autoconstruíndose deica chegar a ese punto, tan impreciso como indefinido, que supón o remate desta historia, tan selvaxe como o grupo artellado ao redor dela. Un grupo ben selvaxe, como aquel de Sam Peckinpah.